



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Abegondo

Data: 25/02/26 18:00:00

Exposición: 25/02/26 18:00:00 a ...

Anuncio

CONTRATACIÓN

ANUNCIO BOP NÚMERO 37 DO MÉRCORES DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2026

Información:

EXP: 2025/C006/000003

Anuncio alleamento oneroso de inmobles municipais a título oneroso

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2025/C006/000003

Por medio do presente anuncio se efectua a convocatoria para o alleamento oneroso de inmobles municipais a título oneroso, conforme aos seguintes datos:

OBXECTO

Ten por obxecto regular o procedemento e as condicións baixo as cales levará a cabo o alleamento, por lotes, de diversas parcelas de titularidade do Concello de Abegondo.

DESCRICIÓN DOS BENS

Os bens obxecto de alleamento son as seguintes parcelas, agrupadas en varios lotes independentes, cuxas características e datos rexistrals e catastrais detállanse a continuación:

Lote 1: Parcela de referencia catastral 15001A502001970000HB situada no lugar de Trasigrexia da parroquia de Crendes

· 2.570,00 valórase en dous mil cincocentos setenta euros

Lote 2: Parcela de referencia catastral 15001D506004360000ZR situada no lugar de Vilar da parroquia de Folgoso:

· 3.700,80 € valórase en tres mil setecentos euros con oitenta céntimos.

MODALIDADE E PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO

O alleamento realizarase polo procedemento de poxa pública á alza mediante a presentación de ofertas en sobre pechado. Cada licitador poderá presentar posturas para un ou ambos os lotes, debendo presentar unha proposición diferenciada en cada caso, conforme ao establecido neste prego.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas presentaranse en sobre pechado dentro do prazo de QUINCE días naturais contados a



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Abegondo

Data: 25/02/26 18:00:00

Exposición: 25/02/26 18:00:00 a ...

partir

do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia por algunha das seguintes vías:

a) Presencialmente no rexistro municipal do Concello con domicilio no lugar de San Marcos non 1-15318

Abegondo, en horario de 9.00 as 14.00 horas

b) Por correo postal. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico a contratacion@abegondo.gal no

mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se a proposición é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos cinco días naturais seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

PUBLICIDADE E CONVOCATORIA

A diferente documentación e trámites relativos a este procedemento de contratación estará ao dispor dos interesados na seguinte ligazón:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion

Anexos

Nombre: ABEG Alleamento inmuebles BOP 25.02.2026.pdf

Hash: (SHA-512) AjCyWI74X6Mdlxgc1Ljuw/EnATPNTDtlnpzxRxvxG63h9QVVLrp5xKY/c/oF1MMSasMWu04om/4OIUpNM0YPag==

Url: https://sede.abegondo.gal/sxc/recursos/downloads/Tablon/2026/ANUNCIO_PROG_20260225180000027_ANEXO_1772038800-0.pdf